

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DECRETO 154/2013, do 5 de setembro, polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela.

A Lei 3/1996, do 10 maio, de protección dos Camiños de Santiago (DOG núm. 105, do 23 de maio), en diante LPCS, dispón no seu artigo primeiro que, para os efectos desta lei, se entenden como Camiño de Santiago todas as rutas históricas recoñecidas documentalmente. No punto terceiro dese mesmo artigo sinala que a ruta principal é o Camiño Francés, mentres que no punto cuarto recolle outras rutas que se enmarcan na denominación xeral de Camiño de Santiago e que se corresponden coas actualmente coñecidas como Camiño Portugués, Ruta da Prata, Camiño do Norte, Camiño de Fisterra, Camiño Inglés e Ruta do Mar de Arousa e Ulla.

O artigo 5 desa lei establece o procedemento para a delimitación deses Camiños, que se levará a cabo mediante expediente incoado para o efecto. Na súa aplicación, nos anos 2011 e 2012, o Consello da Xunta de Galicia aproba as delimitacións do Camiño de Santiago Francés e a ruta interior do Camiño do Norte, tamén coñecida como Camiño de Ovedo, e incoa o procedemento para a delimitación da totalidade do Camiño Inglés, actualmente pendente de aprobación.

Con data do 21 de novembro de 2011, o director xeral de Patrimonio Cultural, considerando a significación territorial, urbana, cultural e institucional do Concello de Santiago e a súa condición singular por confluír nel a maioría das rutas legalmente recoñecidas como Camiño de Santiago, así como a vertente territorial da protección deste ben de valor patrimonial excepcional, dispón que se realice un estudo específico que analice desde un punto de vista integral a incidencia dos Camiños de Santiago sobre o territorio deste concello e o seu planeamento urbanístico.

O catálogo de bens culturais do vixente Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Santiago de Compostela inclúe unha ficha e os planos destas rutas, en que se indica que, segundo a Lei 3/1996, de protección dos Camiños de Santiago, unha vez delimitadas estas, terán a consideración de bens catalogados, e o catálogo incorporará esa delimitación e as determinacións dos seus territorios históricos unha vez aprobadas e notificadas ao concello conforme o disposto no artigo 5 da lei.



Realizado ese estudo e acordada a conveniencia de incoar un procedemento de delimitación conxunto para todos os tramos que discorren polo termo municipal de Santiago de Compostela, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, á vista del, concreta unha proposta de delimitación dos Camiños de Santiago que percorren o territorio do concello compostelán, agás o Camiño Francés e Inglés, e sométea á consideración do Concello e do Comité Asesor do Camiño de Santiago, que, na súa reunión do 18 de decembro de 2012, acorda emitir informe favorable sobre ela.

En consecuencia, mediante Resolución do 11 de xaneiro de 2013, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural acorda incoar o procedemento de delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela e abrir o trámite de información pública por un período de dous meses contados a partir do día seguinte á data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que ten lugar o día 25 de xaneiro de 2013 (DOG núm. 18).

Durante ese período non se presentou ningunha alegación, como queda acreditado nas correspondentes certificacións que figuran no expediente. Porén, unha vez avanzada a proposta de determinación do trazado da ruta do Camiño do Norte no seu tramo final, apreciáronse motivos de seguridade dos peregrinos que fan conveniente modificar a proposta inicial do trazado desta ruta ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela, que é un trazado funcional. O trazado que agora se sinala vai marcalo polo camiño público que queda ao lado norte da estrada Lugo-Santiago de Compostela.

Por todo o cal, rematada a instrución do procedemento segundo o establecido nas disposicións vixentes, de conformidade co disposto no artigo 5 da Lei de protección dos Camiños de Santiago e na Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, tendo en conta o informe-proposta da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, cómpre proceder á súa resolución definitiva.

Á vista do que antecede, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día cinco de setembro de dous mil trece,

DISPOÑO:

Primeiro. Aprobar a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Com-

CVE-DOG: n5tga0d4-j0q1-du88-o6h0-quuqsfz2xf8



postela, segundo os planos do anexo deste decreto, nos cales se determinan os trazados e os límites do territorio asociado a cada unha desas rutas.

Segundo. Ordenar a inscrición do trazado e o territorio asociado de cada un dos Camiños de Santiago delimitados no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, coa categoría de bens catalogados, e notificarlle este acordo ao Concello de Santiago de Compostela, coa solicitude de que incorpore os camiños delimitados e as determinacións pertinentes ao Plan xeral de ordenación municipal, que en todo caso incluírán a obrigatoriedade de someter á autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural as intervencións proxectadas dentro dos territorios delimitados que estean suxeitas a licenza municipal, con carácter previo ao seu outorgamento, excepto nos ámbitos en que estas funcións estean delegadas no propio concello en virtude do artigo 47.2 da Lei de patrimonio cultural de Galicia ou de resolución expresa de delegación.

Disposición derradeira

Este decreto producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.


Santiago de Compostela, cinco de setembro de dous mil trece


Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

CVE-DOG: n5tga0d4-j0q1-du88-o6h0-quqqsfz2xf8







CVE-DOG: h5tga0d4-j0q1-du88-o6h0-quqqsfsz2xff8





XUNTA
DE GALICIA


ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>







CVE-DOG: h5tga0d4-j0q1-du88-o6h0-quqqsfsz2xff8




XUNTA
DE GALICIA


ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>







CVE-DOG: h5tga0d4-j0q1-du88-o6h0-quqqsfsz2xff8




XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



III. OUTRAS DISPOSICIÓNS


CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CORRECCIÓN de erros. Decreto 154/2013, do 5 de setembro, polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela.

Advertidos erros nos planos das páxinas 37983 ao 37991 do anexo ao citado decreto, publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 184, do 26 de setembro de 2013, é necesario substituílos polos que se publican a seguir:

CVE-DOG: 7hqthap5-4qm6-hvi8-lpt9-pqntffhnyhms5







CVE-DOG: 7hqthap5-4qm6-hvi8-lpt9-pqntfhnyhms5



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>




DOG


Diario Oficial de Galicia


DOG Núm. 209

Xoves, 31 de outubro de 2013

Páx. 42685







CVE-DOG: 7hqthap5-4qm6-hvi8-lpt9-pqntfhnyhms5

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

